



SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

REÚNENSE:

Dunha parte, Román Rodríguez González, en nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG nº 273 do 10 de febreiro de 2015), no exercicio das súas competencias que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente.

Doutra parte Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 62/2014, de 28 de maio (DOG 4/06/2014), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ámbas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar a presente Addenda e, para os efectos

MANIFESTAN

Primeiro. Mediante convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela o 3 de maio de 2012 acordouse a colaboración para a realización de prácticas académicas externas do alumnado das titulacións que se imparten na Facultade de Xeografía e Historia.

Segundo. Posteriormente, e dada o oferta de prazas de prácticas académicas externas nos **Másters Universitarios en Xestión do Patrimonio Artístico, Arquitectónico, Museos e Mercado de Arte** e no **Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade** estímouse oportuno ampliar o ámbito de aplicación deste convenio coas devanditas prácticas.



Terceiro. Como consecuencia do exposto, realizouse unha modificación do convenio de colaboración que afectou exclusivamente ás cláusulas segunda, terceira e quinta.

Cuarto. O Museo Pedagóxico de Galicia solicitou expresamente adherirse ao convenio e, dende o Servizo de Museos, solicitamos a autorización da Facultade de Xeografía e Historia da USC à incorporación deste museo xunto co Museo do Mar de Galicia en Vigo ao resto dos museos propios e xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para ampliar o ámbito de aplicación do convenio.

Por todo isto, as partes acordan formalizar unha addenda ao anexo do convenio de colaboración con suxeición ao seguinte:

Modifícase o Anexo do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas externas do alumnado das titulacións impartidas na Facultade de Xeografía e Historia que quedará redactado da seguinte forma:

ANEXO.

Relación de museos nos que poderán desenvolverse as prácticas externas do alumnado dos estudos de grao, do Máster Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico, Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte e do Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

MUSEO MASSÓ DE BUEU (PONTEVEDRA)

MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE

MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA (LUGO)

MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA (OURENSE)

MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

MUSEO DO MAR DE GALICIA EN VIGO (PONTEVEDRA)




En proba de conformidade coa presente addenda as dúas partes asinan por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

Santiago de Compostela, a 9 de decembro 2015

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Por delegación do Sr. Reitor
(RR do 19-06-2014 DOG do 30-06-2014)
O Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa



D. Roberto J. López López

Román Rodríguez González

